

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 19 DE DECEMBRO DE 2022

Ás 10:05 horas do día 19 de decembro de 2022, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 14 de decembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. Susana García Álvarez vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. María Dolores Sotelo Gallego, suplente da xefa do Servizo de Contratación
D^a. Cristina Chao Polo, xefa do Servizo de Festas (asiste aos puntos 5, 6 e 10b)
D^a. María Dapena Gómez, xefa da Área de RRHH e Formación (asiste aos puntos 8 e 10a)
D. Fernando Carballo Vilar, suplente do xefe do Servizo de Medio Ambiente (asiste ao punto 11a)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación da promoción turística do destino Vigo a través da súa conectividade aérea directa coa Cidade de Londres (anos 2023-2025) (8.283-104)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Conceder un prazo de 3 días a RYANAIR DAC para que poida emendar a documentación presentada:
 - O representante do operador económico indicado tanto no DEUC como no Anexo II do PCAP (D. Raymond Kelliher) non coincide coa sinatura dixital (D. Manuel



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:09	Páxina 1 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA448-CHD62C-23DBDA-GDZ7WF-V6MD5R-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Gallego). Se o representante con poder de representación é o indicado na documentación deberase presentar un novo DEUC e un novo Anexo II asinados dixitalmente por D. Raymond Kelliher. Se, pola contra, o representante con poder de representación é D. Manuel Gallego deberase indicar tal circunstancia tanto no DEUC como no Anexo II.

- En todo caso, a parte III "Motivos de exclusión" do DEUC deberá estar debidamente cumprimentada. No DEUC presentado figuran boa parte destes motivos sen responder.

4.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación da promoción turística do destino Vigo a través da súa conectividade aérea directa coa Cidade de Londres (anos 2023-2025) (8.283-104)

Retírase este asunto da orde do día porque a Mesa acordou conceder un prazo de tres días ao licitador presentado para a emenda da documentación persoal.

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de deseño e produción das carrozas municipais para a Cabalgata de Reis 2023 (9.466-335)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola xefa do Servizo de Festas o 14 de decembro de 2022 de valoración do sobre B "*proposición avaliable mediante xuízo de valor*", así como o informe que corrixe o anterior de data 16 de decembro. A Mesa, por unanimidade, acepta o segundo dos informes.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de deseño e produción das carrozas municipais para a Cabalgata de Reis 2023 (9.466-335)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "*Proposición avaliable mediante fórmula*" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo	Cubrición e decoración artística das cabezas tractoras
1	CARROFESTA, S.L.	59.174,03 €	si



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:09	Páxina 2 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA448-CHD62C-23DBDA-GDZ7WF-V6MD5R-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



	Licitador	Redución do prezo	Cubrición e decoración artística das cabezas tractoras
2	LA FIESTA ESCÉNICA, S.L.U.	56.656,00 €	si

Os licitadores presentan o orzamento detallado esixido no PCAP.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

Logo dun receso, entrégase o informe asinado pola xefa do Servizo de Festas do 19 de decembro de 2022 de valoración do Sobre C "Proposicións avaliábeis mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliábeis mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia da saúde (1.533-2202)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polas técnicas de Prevención de Riscos Laborais e a xefa da Área de RRHH e Formación o 12 de decembro de 2022 de valoración do sobre C "proposición avaliábeil mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia da saúde (1.533-2202)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia da saúde (1.533-2202) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación
1	IBERSYS SEGURIDAD Y SALUD, S.L.	70,00 puntos
2	QUIRÓN PREVENCIÓN, S.L.	62,50 puntos
3	PREVISONOR, S.L.	54,63 puntos



Orde	Licitadores	Puntuación
4	GEROSALUD, S.L.	52,45 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, IBERSYS SEGURIDAD Y SALUD, S.L. (B-27.222.827), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberá acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I -FEC-.
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de deseño e produción das carrozas municipais para a Cabalgata de Reis 2023 (9.466-335)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de deseño e produción das carrozas municipais para a Cabalgata de Reis 2023 (9.466-335) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación
1	CARROFESTA, S.L.	97,91
2	LA FIESTA ESCÉNICA, S.L.U.	71,00

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CARROFESTA, S.L. (B-32.475.972), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de produtos de ferraxería, fontanería, fechaduras, ferramentas, pequenas máquinas e similares para a Concellería de Medio Ambiente e Vida Saudable (11.475-612)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:09	Páxina 4 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA448-CHD62C-23DBDA-GDZ7WF-V6MD5R-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de produtos de ferraxería, fontanería, fechaduras, ferramentas, pequenas máquinas e similares para a Concellería de Medio Ambiente e Vida Saudable (11.475-612)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 20 de outubro de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

"PRIMEIRO.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do subministro de ferraxería, fontanería, fechaduras, ferramentas, pequenas máquinas e similares para a Concellería de Medio Ambiente. (exp.11475-612)

SEGUNDO.- Aprobar o prego de prescricións técnicas que rexerá a contratación, redactado polo Director de Réxime Interior de VigoZoo con data 19/09/22 e o prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Técnica de Administración Xeral-Contratación con data 27/09/22.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto por un importe máximo de 52.994,96 €, sendo o importe correspondente ao IVE a soportar pola Administración (9.197,47 €). O financiamento do contrato de subministro será a cargo da partida 3371.221.99.01, 172.1.221.99.00 e 311.0.221.99.00.

CUARTO.- Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

Segundo.- A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 17 de novembro de 2022, adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de produtos de ferraxería, fontanería, fechaduras, ferramentas, pequenas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:09	Páxina 5 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA448-CHD62C-23DBDA-GDZ7WF-V6MD5R-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

máquinas e similares para a Concellería de Medio Ambiente e Vida Saudable (11.475-612) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Baixa proporcional única
1º	INTERNACO GREEN SPACE, S.L.	40%
2º	SUMINISTROS PUNTO FIJO, S.L.	21%

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, INTERNACO GREEN SPACE, S.L. (B-70.607.122), para que presente, no prazo de sete días hábiles, unicamente a documentación non recollida no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público (cláusulas 8 e 22.1 do PCAP):

1. Documentación acreditativa da representación: poder outorgado a favor de quen subscribiu a proposición, xunto cunha copia do Documento Nacional de Identidade.
2. Acreditación da solvencia económica e técnica esixida no apartado 5 das FEC.
3. Acreditación da constitución garantía definitiva esixida no apartado 9 das FEC.
4. Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.
5. Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.6 do PCAP, conforme ao modelo incluído no Anexo IV”.

Terceiro.- Este acordo foi notificado o día 17 de novembro de 2022 ao licitador clasificado en primeiro lugar, INTERNACO GREEN SPACE, S.L. (B70607122), quen, dentro do prazo concedido, non presenta ningunha da documentación requirida.

Á vista do anterior, a Mesa, na sesión do 1 de decembro de 2022, entende retirada a oferta de INTERNACO GREEN SPACE, S.L. e acorda, por unanimidade, solicitar a mesma documentación ao licitador clasificado en segundo lugar, SUMINISTROS PUNTO FIJO, S.L., en virtude do disposto no artigo 150.2 da LCSP.

Este acordo foi notificado o 2 de decembro de 2022. O licitador presentou a documentación requirida os días 14 e 16 de decembro de 2022.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 19 de decembro de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:09	Páxina 6 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA448-CHD62C-23DBDA-GDZ7WF-V6MD5R-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en segundo lugar, SUMINISTROS PUNTO FIJO, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por SUMINISTROS PUNTO FIJO, S.L., de conformidade co informe de valoración das proposicións avaliadas a través de fórmula de data 14 de novembro de 2022.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *"Tomar razón do acordo da Mesa de Contratación de data 1 de decembro de 2022 polo que se entende retirada a oferta de INTERNACO GREEN SPACE, S.L. por non atender ao requirimento do artigo 150.2 da LCSP dentro do prazo concedido para o efecto.*
2. *Adxudicar a SUMINISTROS PUNTO FIJO, S.L. (B-27.815.539) o procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de produtos de ferraxería, fontanería, fechaduras, ferramentas, pequenas máquinas e similares para a Concellería de Medio Ambiente e Vida Saudable (11.475-612) por un prezo máximo de 52.994,96 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 9.197,47 euros e cunha porcentaxe de desconto a aplicar aos prezos unitarios recollidos no Anexo I do PPTP do 21%.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:09	Páxina 7 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA448-CHD62C-23DBDA-GDZ7WF-V6MD5R-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de organización e xestión de elementos promocionais que terá como fin a promoción turística do destino Vigo con motivo da celebración da Feira Internacional de Turismo (FITUR) 2023 (8.277-104)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de organización e xestión de elementos promocionais que terá como fin a promoción turística do destino Vigo con motivo da celebración da Feira Internacional de Turismo (FITUR) 2023 (8.277-104)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 27 de outubro de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro: Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto de PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DE ELEMENTOS PROMOCIONAIS QUE TERÁ COMO FIN A PROMOCIÓN TURÍSTICA DO DESTINO VIGO CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DA FEIRA INTERNACIONAL DE TURISMO (FITUR) 2023.

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares de data 17/10/2022 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o Contrato, asinado polo servizo de contratación de data 26/10/2022

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe máximo de licitación de 63.515,32€ con iva, sendo o IVE 11.023,32 €.

O contrato financiarase con cargo á seguinte aplicación orzamentaria 4320.227.9900 "Organización e lóxística de Feiras", do programa orzamentario do servizo de Turismo para os exercicios 2022 e 2023.

Co seguinte desglose de anualidades:

Anualidade 2022: 23.861,20 €

Anualidade 2023: 39.654,12 €

Total: 63.515,32€



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:09	Páxina 8 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA448-CHD62C-23DBDA-GDZ7WF-V6MD5R-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 1 de decembro de 2022 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de organización e xestión de elementos promocionais que terá como fin a promoción turística do destino Vigo con motivo da celebración da Feira Internacional de Turismo (FITUR) 2023 (8277-104) na seguinte orde descendente:

	LICITADOR	VALORACIÓN
1	ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L.U.	86 PUNTOS
2	TORRES Y CARRERA CONSULTORES DE COMUNICACIÓN S.L,	58,3 PUNTOS

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L.U. (B27786045), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L.U., o día 2 de decembro de 2022, que presenta a documentación requirida os días 13 e 15 de decembro de 2022, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 19 de decembro de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adjudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adjudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adjudicación deberá ser motivado, notificarse aos



licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L.U., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 22 e 28 de novembro de 2022, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L.U. (B-27.786.045) o procedemento aberto para a contratación do servizo de organización e xestión de elementos promocionais que terá como fin a promoción turística do destino Vigo con motivo da celebración da Feira Internacional de Turismo (FITUR) 2023 (8.277-104) por un prezo total de 49.912,50 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 8.662,50 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 13:15 horas, logo dun receso entre as 10:35 e as 13:10 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:09	Páxina 10 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA448-CHD62C-23DBDA-GDZ7WF-V6MD5R-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		